


EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DOCUMENTAIS

EXERCICIO 1

Repara nas seguintes ilustracións e logo resposta.



- 1.- A que tipo de contaminación atmosférica corresponde cada unha delas?
- 2.- Cales son as causas de cada un deles?
- 3.- Como se desenvolve?
- 4.- E as consecuencias?


EXERCICIO 2

Define os seguintes termos:

1. DEGRADACIÓN
2. SOBREEXPLOATCIÓN
3. DEFORESTACIÓN
4. EROSIÓN
5. CONTAMINACIÓN
6. EUTROFIZACIÓN
7. RISCOS NATURAIS
8. CAPA DE OZONO
9. SMOG
10. ÓSMOSIS INVERSA

EXERCICIO 3

Coas pautas dadas nas técnicas de traballo, comenta o seguinte gráfico:



RESPOSTAS

Exercicio 1

1. Efecto invernadoiro. O problema aparece cando por mor das actividades humanas a concentración de dióxido de carbono e de metano na atmosfera aumenta. Ao haber máis gases invernadoiro tamén será maior a radiación retida e isto provocará un ascenso da temperatura terrestre que producirá a desconxelación dos xeos mariños e continentais e o cambio climático que levará aparelado a modificación do reparto das precipitacións sobre o planeta, cambios nos ventos, ascenso do nivel mariño e asolagamento de territorios costeiros.
2. Chuvia aceda. O xofre e o nitróxeno emitido á atmosfera pola combustión de diferentes combustibles fósiles reaccionarán coa auga contida no aire e transformaranse en ácido nítrico (HNO_3) e en ácido sulfúrico (H_2SO_4) que retornarán á terra disoltos nas gotas de choiva. As consecuencias máis salientables da chuva aceda serán os danos provocados á vexetación, ás augas, os solos e tamén as construcións.
3. Destrución da capa de ozono. A diminución do grosor da capa de ozono débese a que ozono (O_3) ao reaccionar con CFCs (clorofluorcarbonos) empregados (cada vez menos) como refrixerantes e como propelentes convértese en osíxeno atmosférico (O) e desaparece como tal. Os principais problemas que reporta o adelgazamento da capa de ozono, visible sobre todo na Antártida, e que aumentan as radiacións ultravioletas que chegan á superficie terrestre e con elas as cataratas oculares e os cancros de pel.

Exercicio 2

DEGRADACIÓN. Desaparición, total ou parcial, dos elementos do medio físico.

SOBREEXPLOATCIÓN. Emprego dos recursos naturais por riba da súa capacidade de produción ou rexeneración.

DEFORESTACIÓN. Proceso de desaparición dos bosques ou masas forestais debido á acción antrópica.

EROSIÓN. Desgaste do solo.

CONTAMINACIÓN. Denomínase á introdución de calquera contaminante que poda provocar algún dano ou desequilibrio, irreversible ou non, no medio natural.

EUTROFIZACIÓN. Proceso polo que se desenvolven de forma masiva algas e outros organismos con altas demandas de osíxeno que provocará a desaparición, por asfixia, doutros seres vivos.

RISCOS NATURAIS. Procesos mediante os que determinados fenómenos ambientais poden chegar a danar o benestar do home e incluso acabar coa súa vida.

CAPA DE OZONO. Parte da atmosfera conformada por ozono que ten como misión absorber parte de radiacións ultravioletas solares.

SMOG. Néboa fotoquímica que se produce nas cidades pola concentración de diferentes tipos de partículas (orixinadas pola actividade de vehículos a motor, das calefaccións, das industrias) na capa gasosa que as envolve cando se dan condicións de estabilidade atmosférica.

ÓSMOSES INVERSA. Técnica consistente en facer pasar a auga do mar por membranas semipermeables, que separan auga e sal para así desalgar a auga mariña.

Exercicio 3

**(AS SOLUCIÓNS ESTÁN APORTADAS DE MANEIRA
ESQUEMÁTICA, A TÚA RESPOTA NON PODERÁ SER
ESQUEMÁTICA, DEBERÁ SER INTEGRADA E PRESENTADA DE
MANEIRA REDACTADA)**

- Descrición:
 - Gráfica lineal: emisións de CO_2 á atmosfera e España nun período de 25 anos.
 - Eixo vertical: informa dos millóns toneladas métricas de gases emitidas (de 0 a 400 mll. de tn. métricas en tramos de 50 en 50)
 - Eixo horizontal amósanos os anos (de 1980 a 2005).
- Análise:
 - gráfico ten un *trend* (tendencia) ascendente.
 - Ritmos distintos: o crecemento é lento até 1996 e despois acelérase notablemente até o 2005.
- Explicación:
 - Aumento nivel de vida implica aumento de emisións.
 - Focos de emisión: son as actividades industriais, os vehículos a motor, as calefaccións e os incendios forestais.
 - Problemas que causan: efecto invernadoiro: incremento temperatura, desxeos, aumento nivel augas, cambio climático.
 - De cara o futuro: hai que reducir para cumprir o Acordo de Kioto: no 2020 as enerxías renovables deberán representar xa o 20% no mix enerxético e os biocarburantes o 10% de todos os combustibles. Para iso: potenciar enerxías limpas, fomentar aforro, impulsar I+D+i.